

Subvencions Inorde 2026: Dinamización do Comercio Local

PRAZO DE PRESENTACIÓN

13 de abril de 2026

O prazo remata exactamente un mes
despois da súa publicación no BOP
(13 de marzo de 2026)



OBXECTO DA AXUDA


Financiamento de campañas de captación de socios, clientes e eventos de comercialización de produtos locais.



BENEFICIARIOS

- **Asociacións de comerciantes:**
Entidades cuxo ámbito de actuación sexa a provincia de Ourense.
- **Asociacións empresariais:**
Asociacións municipais ou comarcais da provincia de Ourense que contén con comerciantes entre os seus membros.

INVESTIMENTO E AXUDA ECONÓMICA



ORZAMENTO DOS PROXECTOS:

MÍNIMO | MÁXIMO
4.000€ | 7.000€

Non se admitirán a trámite proxectos cun orzamento inferior ao mínimo establecido.



CONTÍA DA AXUDA:

**ATA O 80%
DO PROXECTO**

O importe máximo que pode recibir cada beneficiario está limitado a **5.600€**.



ORZAMENTO TOTAL DISPONIBLE:

42.000€

O Inorde destina unha partida para o financiamento desta convocatoria de 2026.



PROCESO DE SOLICITUDE E REQUISITOS

SOLICITUDE 100% TELEMÁTICA: Debe presentarse a través da sede electrónica de Deputación de Ourense (<https://sede.depourense.es/>) dirixida ao Inorde.

- **PROXECTO ÚNICO POR ENTIDADE:** Cada asociación só pode presentar un único proxecto que inclúa unha ou varias accións.
- **MEMORIA E ORZAMENTO DETALLADO:** É obrigatorio presentar unha memoria descritiva de ata 10 páxinas e un orzamento desagregado de ingresos e gastos.